

Fernández Paz, consegue o premio Edebe xuvenil


Recibirá catro millóns pola obra 'Trece anos de Branca'

SANTIAGO

Redacción

O escritor galego Agustín Fernández Paz foi o gañador do Premio de Literatura Xuvenil convocado por Edicións EDEBE, ó que se presentaron orixinais escritos nas catro linguas do estado. A obra gañadora, *Trece anos de Branca*, deuse a coñecer no Salón Pau Casals do Hotel Arts, da Vila Olímpica de Barcelona.

A obra premiada de Agustín Fernández Paz contou cunha axuda á creación literaria da Consellería de Cultura, da Xunta de Galicia. O titular deste departamento autonómico, Vázquez Portomeñe, sinalou que o premio, "co prestixio que representa a nivel español e internacional, vén dar un novo pulo á xa recoñecida creación literaria infantil e xuvenil de Galicia e abre aínda máis as portas para a súa difusión no exterior da nosa comunidade". Fernández Paz xa resultara gañador en 1991 doutro premio de literatura infantil e xuvenil convocado a nivel estatal. Foi o popular *Premio Lazarillo*, que acadou coa obra *Contos por palabras*, traducida a varios idiomas e seleccionada polo IBBY (Organización Internacional para o Libro Xuvenil)



Agustín Fernández Paz

na súa Lista de Honor dos libros máis destacados para rapaces do ano 92. O autor de *13 anos de Branca* naceu en Vilalba (Lugo) en 1947 e é profesor de EXB. Xunto coa súa dona, Inma, e outros compañeiros, creou o colectivo pedagóxico *Avantar*, que elaborou

unha das primeiras coleccións de libros para o ensino da lingua galega. Ó mesmo tempo que participaba neste tipo de iniciativas, Fernández Paz especializouse en literatura para nenos e no mundo da historieta gráfica. Na colección *Andel*, da Consellería de Cultura,

ten publicados varios traballos sobre o mundo do libro para nenos.

Outras obras infantís de Fernández Paz iniciou son, entre outros, *A cidade dos desexos*, *As flores radiactivas* (Premio Merlín de novela), *Contos por palabras* (Premio Lazarillo).